



**ELECCIÓN Á XUNTA DE GOBERNO 2022**  
**ACTA DE PROCLAMACIÓN DE CANDIDATURAS**

**Lugar:** sala de xuntas do ICAS

**Hora de inicio:** 13.00 h

**Data:** 08.12.2022

**Hora de remate:** 13.45 h

**ASISTENTES**

- D. Ramón Quintela Miramontes (deputado 2ª), que actúa como presidente.
- D. Manuel F. Martín García (secretario), que actúa como secretario.
- Dª Margarita Ruiz Núñez (deputada 3ª), que actúa como vogal 1ª.
- D. Javier Constenla Vega (tesoureiro), que actúa como vogal 2º.

**ORDE DO DÍA**

De acordo co establecido no punto 5 da convocatoria de eleccións (acordo da Xunta de Goberno do 25.10.2022) e segundo o artigo 78.5 do Estatuto do ICA de Santiago, ás 13.00 h do día 8 de decembro de 2022, reúnense, **sen a participación dos deputados e deputadas que cesan nos seus cargos por presentarse á súa reelección**, os membros da Xunta de Goberno que se indicaron no apartado anterior, co obxecto de comprobar as candidaturas presentadas e, no caso de que proceda, proclamar os candidatos e candidatas para as eleccións do día 22 de decembro de 2022.

**DELIBERACIÓNS**

Iníciase a sesión dando conta das candidaturas presentadas na secretaría do ICA de Santiago dentro do prazo establecido na convocatoria de eleccións (que rematou o 07.12.2022 ás 20 h).

Unha vez examinados os datos e a información que consta na secretaría, compróbase **que unicamente se presentou a seguinte candidatura conxunta:**

Candidatura conxunta, con rexistro de entrada núm. 983 e data do 02.12.2022:

- D. Francisco José Rabuñal Mosquera, para o cargo de decano
- Dª Mª del Carmen González Ferro, para o cargo de vicedecana/deputada 1ª
- Dª María Jesús Vieito Mayo, para o cargo de bibliotecaria



- D<sup>a</sup> Patricia López Arnosó, para o cargo de deputada 4<sup>a</sup>
- D. Jorge Eladio Romero Rivera, para o cargo de deputado 5<sup>o</sup>

ACORDOS

1. Logo de comprobar que a única candidatura presentada e que todos os seus candidatos e candidatas cumpren os requisitos establecidos na convocatoria e no Estatuto do ICA de Santiago, **acórdase por unanimidade a súa proclamación como candidatos/as** para as eleccións á Xunta de Goberno do 22.12.2022.
2. De acordo co establecido no punto 5 da convocatoria e no Estatuto do ICA de Santiago, ao non se presentar máis candidaturas e, por conseguinte, non existir oponentes, **acórdase a proclamación de electos/as** dos seguintes candidatos e candidatas para os postos indicados:
  - **Decano: D. Francisco José Rabuñal Mosquera**
  - **Vicedecana/Deputada 1<sup>a</sup>: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Ferro González**
  - **Deputada 4<sup>a</sup>: D<sup>a</sup> Patricia López Arnosó**
  - **Deputado 5<sup>o</sup>: D. Jorge Eladio Romero Rivera**
  - **Bibliotecaria: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Vieito Mayo**
3. Ao se proclamar electos os cinco únicos candidatos e candidatas que se presentaron, dáse por finalizado o proceso electoral, polo que non se fai necesario levar a cabo a xornada electoral programada para o vindeiro 22 de decembro.
4. Así mesmo, acórdase publicar os acordos tomados durante esta sesión no taboleiro de anuncios e na páxina web do ICA de Santiago, así como a súa remisión a todos os colexiados e colexiadas por medio do servizo de información colexial.

En conformidade con todo o exposto, finalizamos a sesión ás 13.45 h do día 8 de decembro de 2022 e asinamos a presente acta.

Ramón Quintela Miramontes

Manuel F. Martín García

Margarita Ruiz Núñez

Javier Constenla Vega